



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n.- Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30

Telefax 981 75 42 29

www.concello-cabana.es

cabana@concello-cabana.es

María Garrote López, SECRETARIA DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA), dacordo cos datos que figuran nesta Secretaría do meu cargo, salvo erro ou omisión involuntaria **CERTIFICO QUE** por Resolución da Alcaldía 372/2024 do 07-08-2024 acordouse o seguinte:

“Resolución de expediente 2024/C002/000011. Declaración deserto.

Por resolución de alcaldía 346/2024, de 19 de xullo, acordouse iniciar o procedemento de contratación do servizo de socorrismo, salvamento e primeiros auxilios na Praia de Rebordelo, aprobándose asimesmo as bases que rexen a dita contratación e acordando publicar o anuncio de licitación no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e no xornal La Voz de Galicia (edición Bergantiños).

Conforme o establecido nas bases aprobadas, o prazo de presentación de ofertas foi do 22 de xullo de 2024 ó 29 de xullo de 2024 e, transcorrido o mesmo, non consta a presentación de oferta algunha.

O artigo 150.3 da LCSP establece que non se poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego, polo que, interpretando en sentido contrario, cando non exista oferta algunha, como no presente caso, a licitación poderá declararse deserta, dado que resulta imposible continuar co procedemento incoado e, consecuentemente, adxudicar o contrato.

De conformidade co anterior, e e conforme ó previsto no artigo artigo 21.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local **RESOLVO:**

Primeiro: declarar deserto o procedemento de contratación do servizo de socorrismo, salvamento e primeiros auxilios na Praia de Rebordelo anteriormente sinalado por non terse presentado oferta algunha no tempo e forma indicados nas bases.

Segundo: publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e dar conta ó Pleno na vindeira sesión que se celebre.

E para que así conste, asino dixitalmente este certificado co visto bo do Sr. Alcalde.

Documento firmado digitalmente